

Memoria resumo modificacións do Grao en Linguas Estranxeiras

Universidade de Vigo

Número total de páxinas: 7 páxinas

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

1. Reformulación da denominación das “asignaturas”

Levou-se a cabo unha revisión sistemática da denominación das “asignaturas” de todos os ámbitos da titulación, co obxectivo de mellorar a súa claridade, coherencia interna e transparencia para o estudiantado e os axentes externos. En termos xerais, simplifícaronse formulacións excesivamente reiterativas: por exemplo, substituíuse a fórmula “do primeiro idioma estranxeiro: inglés” por expresións máis sucintas ao tempo que máis clarificadoras. Este axuste responde, en parte, a unha demanda do propio alumnado, e supón unha mellora significativa na comprensibilidade dos nomes das “asignaturas”.

Algúns exemplos ilustrativos:

- *Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: inglés* pasa a denominarse *Inglés I*.
- *Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro V: inglés* pasa a denominarse *Comunicación oral avanzada en inglés*.
- *Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: inglés* pasa a denominarse *Literatura inglesa*.

2. Explicitación e axuste de niveis competenciais nas linguas estranxeiras

Concrétanse os niveis de entrada e de saída establecidos consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) en cada unha das “asignaturas” de idiomas estranxeiros —inglés, alemán, francés e portugués—, coa fin de definir de maneira máis precisa os resultados de aprendizaxe e a progresión competencial do estudiantado. As modificacións afectan exclusivamente ao nivel das “asignaturas” e aos sistemas de avaliación e ponderación de actividades, reforzando a coherencia entre resultados de aprendizaxe, metodoloxías activas e avaliación competencial. En ningún caso afectan aos resultados de aprendizaxe nin ao número de créditos das “asignaturas”.

(a) Primeiro Idioma Estranxeiro: Inglés

Na materia de Primeiro Idioma Estranxeiro: Inglés prodúcese dúas modificacións significativas:

- (1) elévase o nivel de partida a B2, coa seguinte progresión nas catro primeiras “asignaturas” da materia, todas elas do primeiro curso: B2 → C1.1 (*Inglés I* e *Inglés II*) → C1.2 (*Inglés III* e *Inglés IV*).
- (2) reconfigúrase a secuenciación de contidos, de xeito que, mentres que as catro primeiras “asignaturas” da materia (*Inglés I, II, III* e *IV*) se dedican a traballar as competencias comunicativas e instrumentais en lingua inglesa de xeito máis xeral, as tres últimas “asignaturas” da materia adquiren un maior grao de

especialización para dedicarse á *Comunicación oral avanzada en inglés* e *Comunicación escrita avanzada en inglés* nun nivel avanzado C2.1 (no segundo curso), e, cun perfil máis teórico, ao estudo da dimensión global e a variación internacional da lingua inglesa (*Inglés global*, no terceiro curso).

(b) Segundo Idioma Estranxeiro

No referente á lingua alemá, formúlase expresamente o carácter *ab initio* da materia, fixando nivel inicial e obxectivo de superación progresivo ata B1 (en *Segundo idioma V: alemán*), con fundamentación didáctica asociada á aprendizaxe adulta.

No caso da lingua portuguesa, concrétnanse os niveis de entrada e de superación, establecendo con maior claridade a progresión proposta (A2 → B1 → B2 → C1) e explicitando a relación co perfil lingüístico habitual do alumnado galego (CELGA 4/C1).

Canto á lingua francesa, non se realizan cambios nos niveis de partida e chegada, xa que se considera que os niveis actuais son os axeitados para cumprir os obxectivos formativos da titulación.

3. Actualización de contidos e perspectivas teóricas e metodolóxicas

As “asignaturas” dos diversos campos de estudo que forman parte do Grao incorporan os avances nas respectivas disciplinas que se teñen producido nos anos transcorridos desde a anterior reforma da titulación. Así, en *Tecnoloxías da linguaxe* incorpóranse de maneira explícita contidos relativos a grandes modelos de linguaxe e intelixencia artificial, incluíndo fundamentos, aplicacións e cuestións éticas e prácticas. Esta actualización amplía o alcance da materia respecto da formulación previa, aliñándoa con desenvolvementos recentes en lingüística computacional e procesamento da linguaxe natural.

Neste mesmo sentido, a optativa de cuarto curso *Análise de textos escritos/orais do primeiro idioma estranxeiro: inglés* reemprázase por unha nova optativa, coa denominación de *Análise crítica avanzada de textos literarios en lingua inglesa*, que pretende formar o alumnado nos enfoques teóricos e as metodoloxías críticas máis actualizadas na investigación en estudos literarios.

4. Reorientación profesionalizante de “asignaturas” específicas

A “asignatura” *Lingua para fins específicos*, de segundo curso, foi reformulada para reforzar a súa dimensión aplicada e formativa, explicitando o compoñente de ensino e formación en lingua especializada e os mecanismos que regulan a súa aprendizaxe. Mantense a carga crediticia e a secuenciación, pero clarifícase a súa orientación cara á empregabilidade e á didáctica. Esta “asignatura” atopa continuidade no cuarto curso coa optativa de *Ensinanza e aprendizaxe da lingua inglesa*, que se reconfigura cara a unha perspectiva máis orientada á didáctica, respondendo a un interese crecente do alumnado por formarse para o exercicio da actividade docente.

5. Incorporación de Prácticas externas

A optativa de *Prácticas externas* amplía a dimensión aplicada do título e reforza a súa conexión co contorno profesional e socioeconómico.

A inclusión de prácticas non altera a estrutura modular nin o número total de créditos do título, pero introduce un elemento de integración entre formación académica e experiencia profesional, aliñado coas recomendacións actuais en educación superior e coa orientación cara á empregabilidade do estudantado.

6. Axustes metodolóxicos e de avaliación

En termos xerais, actualizáronse os sistemas de avaliación e a ponderación de actividades (exames orais, presentacións, observación sistemática), reforzando a coherencia entre resultados de aprendizaxe, metodoloxías activas e avaliación competencial.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

A proposta de modificación do Grao en Linguas Estranxeiras responde a un proceso interno de revisión académica impulsado polo equipo docente do título, co obxectivo de reforzar a súa coherencia curricular, elevar o nivel de esixencia formativa e adecuar o plan de estudos ás transformacións científicas, sociais e profesionais experimentadas nos últimos anos.

Desde o punto de vista académico, a reforma xustifícase pola necesidade de explicitar e estruturar de maneira máis precisa a progresión competencial nas materias instrumentais, especialmente na lingua estranxeira principal, na que se progresa ata un nivel C2. Esta modificación aliña o título cos estándares europeos do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e reforza a súa posición diferencial dentro do Sistema Universitario de Galicia.

A adecuación da proposta foi avaliada tendo en conta a experiencia acumulada desde a implantación do título, os informes de seguimento e acreditación previos, as taxas de rendemento e a evolución da demanda. A análise interna evidenciou a conveniencia de mellorar a secuenciación de contidos, reforzar a dimensión profesional mediante a incorporación de prácticas externas e actualizar determinados enfoques científicos conforme á evolución dos estudos lingüísticos e culturais.

O procedemento seguido para a elaboración da proposta incluíu:

- Revisión técnica do plan de estudos por parte da coordinación do título e os departamentos con docencia nel.
- Consulta e debate no seo da Comisión Académica do Grao.
- Aprobación nos órganos competentes da Facultade.
- Tramitación conforme aos procedementos establecidos pola Universidade de Vigo e pola normativa vixente (Real Decreto 822/2021).

A proposta non altera a natureza nin a estrutura esencial do título, senón que introduce melloras cualitativas orientadas á excelencia académica, á empregabilidade das persoas egresadas e á súa adecuada integración no marco estratéxico da Universidade e do Sistema Universitario de Galicia.

3 Planificación de implantación (cronograma).

A implantación da modificación do Grao en Linguas Estranxeiras realizarase de maneira progresiva e ordenada, garantindo a continuidade académica do estudiantado e o adecuado desenvolvemento organizativo do título.

A reforma aplicarase inicialmente ao primeiro curso no ano académico inmediatamente posterior á súa aprobación definitiva polos órganos competentes, estendéndose progresivamente ao resto dos cursos conforme ao seguinte cronograma:

	Grao en Linguas Estranxeiras (novo)	Grao en Linguas Estranxeiras (vixente)
2027-2028	implantación do 1º curso	2º, 3º, 4º cursos extinción do 1º curso
2028-2029	implantación do 2º curso	3º, 4º cursos extinción do 2º curso
2029-2030	implantación do 3º curso	4º curso extinción do 3º curso
2030-2031	implantación do 4º curso	extinción do 4º curso
2031-2032		Sen docencia

Este calendario progresivo permite asegurar que o estudiantado matriculado no plano anterior poida finalizar os seus estudos sen prexuízo, establecéndose os correspondentes procedementos de adaptación e táboas de recoñecemento entre as materias antigas e as modificadas, cando proceda.

A introdución da optativa de *Prácticas externas* en cuarto curso organizarase de maneira coordinada coa Facultade de Filoloxía e Tradución e cos servizos de prácticas da Universidade, garantindo a dispoñibilidade de entidades colaboradoras e a definición de criterios obxectivos de asignación.

Non se prevén necesidades extraordinarias de recursos humanos ou materiais, dado que a modificación non implica incremento de créditos nin creación de novas áreas de

coñecemento, senón unha reorganización e actualización de contidos dentro da estrutura existente.

O cronograma proposto asegura unha transición ordenada, a estabilidade organizativa do título e o cumprimento das garantías académicas para o estudiantado.

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

O procedemento de adaptación do estudiantado desde o plan de estudos anterior ao plan modificado garantirase conforme aos principios de seguridade xurídica, transparencia e protección dos dereitos académicos das persoas matriculadas.

Dado que a modificación non altera a estrutura básica do título nin o número total de créditos, senón que introduce axustes na secuenciación de contidos, na explicitación dos niveis competenciais e na incorporación dunha materia de prácticas externas en cuarto curso, a adaptación realizarase de maneira ordenada e individualizada cando proceda.

Para o estudiantado que se atope matriculado conforme á Memoria anterior, establécense as seguintes previsións:

1. O alumnado poderá finalizar os seus estudos segundo o plan anterior durante o período transitorio establecido pola normativa vixente.
2. No caso de optar pola adaptación ao novo plan, aplicarase a táboa de recoñecemento entre materias equivalentes incluída na Memoria de verificación do título.
3. A adaptación respectará en todo momento os créditos superados e as cualificacións obtidas, conforme aos criterios establecidos pola Universidade de Vigo.
4. A optativa de *Prácticas externas* poderá ser convalidada mediante o recoñecemento da experiencia profesional ou laboral relacionada coa titulación e debidamente acreditada, tal como se establece no apartado 3.2. da Memoria de verificación.

A Comisión de Validacións da Facultade de Filoloxía e Tradución será o órgano encargado de resolver, se for necesario, as situacións individuais non previstas expresamente nas táboas de adaptación, garantindo criterios de equidade e coherencia académica.

O procedemento será debidamente publicitado na páxina web oficial da Facultade de Filoloxía e Tradución e comunicado ao estudiantado mediante os medios institucionais da Universidade de Vigo, asegurando información clara e accesible.

En consecuencia, o proceso de adaptación non suporá prexuízo académico ningún para o alumnado matriculado e permitirá unha transición ordenada cara ao novo plan de estudos.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Non procede. A presente modificación non supón a extinción da titulación existente senón do plan de estudos vixente.

6 Responsable do título.

Non procede.